

ALEXANDR BORODIN: UN MÚSICO CON QUÍMICA

PINTOS BARRAL, Isabel
BERMEJO PATIÑO, Manuel R.

INTRODUCCIÓN

A ciencia e a arte parece que sempre correron camiños moi distintos e distantes . Anque sempre hai a excepción que confirma a regra, e a vida de Alexandr Borodin é se dúbida un gran exemplo. Este coñecido compositor afirmabaque “a música é un pasatempo, unha forma de relaxarse doutras ocupacións mais serias”, adedicou a meirande parte da súa vida á química, tanto como investigador como docente. Paradoxicamente os seus importantes logros no campo da ciencia non superaron o paso do tempo, sen embargo as súas composicións musicais chegaron ate os nosos días coa mesma frescura.

Aproveitando que a celebración do XXI congreso coincide coa patroa da música, parece un bon momento para coñecer un pouco máis a dobre faceta deste innovador químico e músico, ou viceversa.

A QUÍMICA

Investigador infatigable, e discípulo de N. Zinin, participou no congreso de Karlsruhe invitado polo propio A. Kekulé, xunto con Mendeleev, Olevinsky, Gitinsky, e outros.

Foi o primeiro en preparar un composto orgánico fluorado, (anque este feitoo foralle atribuído posteriormente a Lenz en 1877). Además descubriu o mecanismo que permite transformar ácidos orgánicos en bromuros, a hoxe coñecida como reacción de Hunsdiecker.

Xunto a Mendeleev, e outros compatriotas, fundou a Sociedade de Química Rusa, e a Escola de Medicina para mulleres, na que ambos foron docentes.

A MÚSICA

A súa obra musical e ben coñecida polo público en xeral, xa que superou o paso do tempo sobradamente. Apuntaremos que, igual que na química, foi un innovador xa que soubo levar ás salas de concertos temas populares rusos, sen se deixar levar polo modelo “europeizante” do momento e creando así con outros cuatro compañeiros la “escuela nacionalista rusa”.

Parece que a historia lle fixo un guiño, a este persoeiro facendo do que el consideraba coma un pasatiempo el motivo da súa gloria. Pero o que se pretende con este traballo é coñecer un pouco máis o esforzo e o talento de Borodin, que soub expresarse en dúas linguaxes tan dispareas como son os da química e a música.

BIBLIOGRAFÍA

- 1.-DIANIN, S. :Borodin,Ed.: Oxford University Press, 1963
- 2.-GROUT, D.J. y PALISCA,C.V. :Historia de la Música Occidental, vol.2,Ed.:Alicanza Música, 1984
- 3.-KAUFFMAN,G. Y BUMPASS, K.: An Apparent Conflict between Art and Science: The Case of A.Borodin (1833-1887) Leonardo,vol.21, nº4 (1988,9, pp 429-436
- 4.-ROMÁN POLO ,P.: Mendeleiev: El profeta del orden químico, Ed.:Nívola, 2002
- 5.-SARTON, G.:Borodin (1833-87), Osiris, vol.7 (1939), pp. 224-260